

Conseguímolos: a Xunta inicia o proceso para declarar BIC o Pico

A declaración será unha realidade nun máximo de dous anos e porá en valor o monte sagrado

Despois de moitos anos de traballo, o Diario Oficial de Galicia do luns 22 de xuño publicaba a gran nova: o expediente de incoación para declarar Ben de Interese Cultural (BIC) do patrimonio inmaterial o conxunto simbólico do Pico Sacro. Un procedemento que ten un prazo de tramitación máximo de dous anos e que implica que se poidan comezar a executar medidas de salvagarda das diferentes manifestacións inmateriais que se desenvolven no Pico Sacro.

O expediente elaborado polos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude salienta a paisaxe excepcional e simbólica deste espazo, que considera merecedor de ser Ben de Interese Cultural polo seu uso social, ritual e cerimonial, provisto dunha significación cultural que supera o ámbito relixioso para venciarse coa cultura popular e as súas manifestacións. Así, recoñece que o Pico é “unha manifestación sobranceira do patrimonio cultural inmaterial de Galicia”.



A rapazada do Verán Activo “estreu” o servizo de Food-Truck

O Concello pon en marcha un servizo de food-truck e visitas guiadas de balde ao Pico Sacro

O Concello pon en marcha dous novos servizos para poñer en valor o Pico Sacro. O primeiro é un servizo de *Food-Truck* dirixido polo chef Álex Iglesias onde o visitante poderá tomar un refrixerio, degustar algúns dos produtos máis característicos de Boqueixón e desfrutar das actividades que o Concello programará nos “*Tardeos no Pico*”. O servizo estará operativo todos os venres, sábados, festivos e vésperas de festivos (de 15:00 a 22:30 horas) e os domingos (de 12:00 a 20:30 horas).

A maiores, entre xullo e outubro haberá visitas de 1 hora guiadas polo técnico municipal de Turismo, que explicará as historias e lendas do Pico. As visitas serán de mércores a domingo, ás 12:00, 16:00, 18:00 e 20:00 horas. Para participar hai que reservar praza en boqueixonturismo@gmail.com ou no 981 513 061.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, agradeceu “a participación de todas as asociacións e veciñas e veciños de Boqueixón que participaron na conformación deste expediente administrativo de declaración de Ben de Interese Cultural deste conxunto. A todos os expertos que teñen colaborado no ciclo Un mes e Pico e, sobre todo, aos técnicos do Instituto de Ciencias do Patrimonio do Consello Superior de Investigacións Científicas, que presentou unha análise pormenorizada, na que se salientan os atributos do Pico Sacro como espazo físico e simbólico e o seus valores históricos e arqueolóxicos. De igual xeito, resaltan as manifestacións inmateriais presentes no territorio, como as lendas, as cantigas, os refráns e as festas, romarías e demais actividades culturais”.

Na documentaciónponse en valor que o Pico Sacro é un dos montes máis emblemáticos e venerados de Galicia e tamén un lugar dun profundo significado simbólico, espiritual e lendario.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

01 xul / 02 ago

A GRANXA

Campo da festa

03 ago / 31 ago

SERGUDE

Campo da festa San Bieito

01 set / 30 set

LESTEDO

Campo da festa



O Pico Sacro e os 4 elementos da natureza

O GDR Terras de Santiago organiza “O Pico Sacro e os 4 elementos da natureza”, unha actividade de conexión co Monte Ilicino a través dos catro elementos da natureza a través de dinámicas de mindfulness, movemento consciente e arteterapia en diversos puntos do Pico. Unha actividade gratuíta, pero para a que é preciso reservar praza no formulario <https://forms.gle/EupijFxrZuCePn6t6>

Se queres vivir un momento de calma e benestar no Pico Sacro, agardámoste o sábado 11 de xullo, de 10:00 a 12:00 horas, no aparcamento do monte Ilicino.

“Noite máxica, noite meiga”, no Pico Sacro

O Concello de Boqueixón organiza un recital poético musical, “Noite máxica, noite meiga”, que terá lugar no Pico Sacro o 30 de xullo, de 20:00 a 22:00 horas. Nel participarán os poetas Peter Brea, Ivan Pardo (*Varviak*), Alejandro G Calderón (*raizausente*) e Ana Valín (*Mirlo Blanco*). Coa actuación da cantautora María Carolina e unha sesión de pintura en directo a cargo de Miguel Tierra.

Concello e Deputación traballan nun proxecto provincial para o Pico Sacro

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e o vicepresidente da Deputación, Xosé Regueira, participaron na presentación do documental “Pico Sacro, monte de mitos e lendas”, unha produción audiovisual que afonda na riqueza histórica, cultural, relixiosa e natural deste enclave singular.

Un vídeo que poderá verse no Centro de Interpretación do Pico Sacro, onde foi proxectado diante de máis de setenta persoas, ou desde a páxina web municipal (www.boqueixon.gal).

Ovidio Rodeiro lanzoulle unha proposta ao vicepresidente: “o Pico Sacro e este Centro de Interpretación poden ser os depositarios de todos os mitos



Proxección do documental “Pico Sacro, monte de mitos e lendas”

e lendas que existen na nosa provincia”. Regueira recolleu o guante e declarou que “temos aberto un camiño de colaborar co Concello de Boqueixón en materia de investigación e na infraestrutura na contorna do propio Pico Sacro”

e que “Ovidio xa nos trasladou a necesidade de traballar conxuntamente nun proxecto para o Pico Sacro e facer algo a nivel de toda a provincia que, dalgunha maneira, nos faltaba. O Camiño empeza hoxe e iremos facendo cousiñas”.

Volve o ciclo “Un mes e Pico” con tres conferencias no mes de xullo

O Concello de Boqueixón organiza este mes de xullo unha nova edición do ciclo “Un mes e pico”, que nesta ocasión contempla a actividade “O Pico Sacro e os catro elementos da natureza” e tres conferencias na capela de San Sebastián. Todas elas terán lugar ás 19:00 horas e son de asistencia gratuíta, se ben o número de prazas é limitado polo que é imprescindible inscrición en boqueixonturismo@gmail.com.

com ou no Departamento de Formación, Emprego e Turismo (981 513 061).

A primeira charla será “Historias e lendas do Pico Sacro a través de gravados e imaxes”, a cargo de Henrique Neira e Pablo Sanmartín o sábado 18 de xullo. Un día despois, Thibault Saintenoy falará sobre: “O que fan as montañas sagradas: testemuñas antigas e sentidos presentes desde os Andes”. César González García pechará o ciclo o



venres 24 coa conferencia “Eclipses na historia e nas culturas”.

Completada a dixitalización do servizo de abastecemento de auga

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, puxo hoxe en valor os 120.000 euros achegados pola Xunta de Galicia para instalar estacións de medición e rexistro en captacións, tanto na estación de tratamento de auga potable de Orto como no depósito do Pico Sacro. Ademais, facilitou a implantación dunha plataforma dixital que lle permite ao Concello consultar nun único sistema os datos recollidos polos equipos instalados, visualizar a información en tempo real e mellorar a xestión ordinaria do abastecemento.

O alcalde en funcións, Gonzalo Redondo Rendo, agradeceu a colaboración da Xunta “en todo o que sexa mellorar os servizos que prestamos aos nosos veciños e veciñas”. Así puxo en valor que “esta actuación que fixemos supón un salto de calidade moi



Ángeles Vázquez e Gonzalo Rendo ven os novos dispositivos de medición

importante que repercutirá no usuario final”.

Este proxecto, iniciado en febreiro de 2025, dotou ao Concello das ferramentas necesarias para xestionar en tempo real e en remoto os sistemas municipais de abastecemento de auga. “Deste xeito podemos coñecer ao momento aspectos importantes como a turbidez da auga de saída ou o caudal de auga dispoñible para poder actuar o antes posible ante calquera incidencia, evitar perdas de

auga e garantir a calidade da auga que chega ás casas de Boqueixón. En definitiva, trátase de avanzar cara unha mellor e máis eficiente xestión do ciclo integral da auga”, di Gonzalo Rendo.

As melloras incluíron a instalación na ETAP de Orto e no depósito do Pico dun medidor de redes e un caudalímetro para controlar a auga que se consume, un sistema de telecontrol para a súa xestión e sensores para medir o cloro, a turbidez e o PH da auga.

Sesión sobre como a respiración consciente inflúe no benestar

O Concello de Boqueixón organiza “O poder da respiración”, unha xornada gratuíta que terá lugar o venres 24 de xullo, de 19:00 a 20:30 h, no centro de interpretación do Pico Sacro (Cachosenande). Trátase dunha sesión de “Breathwork” na que o alumnado, guiado por Yria Argiz, descubrirá como a respiración consciente pode mellorar o seu propio benestar.

Na charla coñecerase como a respiración consciente pode axudar a regular o sistema nervioso, conectar coas propias emocións, reducir o estrés e a tensión e mellorar o benestar diario. Unha iniciativa que inclúe unha breve práctica con auriculares sen fíos e música inmersiva. Inscricións en: cultura@boqueixon.es e 981 513 115.



O lume sagrado prende o San Xoán

O Pico Sacro acolleu un ano máis a lendaria Cerimonia do Lume Sagrado. O tempo acompañou e o séquito da Raíña Alda, interpretado pola Asociación da Fervenza do Castro de Calobre, e a música do grupo Son de Gaita, puxeron en escena este ritual celta co que os nosos devanceiros celebraban o Solsticio de Verán. Un lume que serviu para acender algunhas candeas coas que se prenderon as cacharelas do San Xoán.



Boqueixón promóvese en Turexpo

Boqueixón participou en Turexpo, o salón turístico de Galicia no marco da Semana Verde, cun stand no que puxo en valor as tres festas de interese turístico: Filloa de Lestedo, Entroido de Sergude e Carrozas de San Cidre, así como os produtos gastronómicos típicos do municipio. Na presentación do programa Goza do Ulla, o concelleiro de Turismo, José Luís Mareque, compartiu filloas de Lestedo cos presentes.

O Concello inviste 25.000 euros na mellora do local social de Lamas

Cambiaranse as baixantes e instalarase un novo sistema de illamento térmico para evitar humidades na fachada e mellorar as condicións de uso da instalación para a veciñanza

O Concello de Boqueixón vai investir máis de 25.000 euros na mellora do local social de Lamas, solventando os danos existentes na envolvente da súa fachada, que presenta grandes manchas de humidade e falta de pintura. As obras acometeranse nas próximas semanas.

Os traballos consistirán na desmontaxe das baixantes exteriores e canalóns, así como doutros elementos situadas na fachada, incluídos os portais. Despois procederase ao illamento térmico polo exterior da fachada do local social, composto por un panel ríxido de poliestireno expandido, fixado ao soporte con morteiro, e cunha capa de regularización de morteiro, armado con malla de fibra de vidro. A envolvente



O alcalde de Boqueixón asistiu ao acto de replanteo das obras

completarase cunha capa de acabado de morteiro decorativo e nunha cor acorde ás establecidas na Guía de Cores de Galicia para a gran área paisaxística de Galicia Central. Completarase a actuación cun canalón circular e unha baixante de augas pluviais, ambas en aluminio lacado.

“Con este novo revestimento continuo SATE garantimos a durabilidade da actuación, xa que é un sistema que ten un mellor comportamento ante a choiva que a simple pintura sobre enfoscado”, explica o alcalde, Ovidio Rodeiro, que asistiu ao acto de replanteo da obra.

Ampliado ata o 10 de xullo o proceso de investigación da propiedade na parcelaria

A empresa encargada da parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo ampliou a súa estancia no centro social de Lamas ata o venres 10 de xullo co fin de rematar o proceso de investigación da propiedade e achega de documentación. O horario de atención será o mesmo que ata o de agora (de 9:00 a 14:00 e de 15:30 a 18:30 horas), excepto os venres que só se atenderá en horario de mañá. As obras non interferirán coa atención á veciñanza.



Xornada de convivencia na Mariña

Un cento de veciños e veciñas de Boqueixón desfrutaron dunha excursión a Ribadeo, onde visitaron espectacular Praia das Catedrais para despois dirixirse a Rinlo (na imaxe), un fermoso pobo pesqueiro situado en plena Rede Natura 2000. Tras o xantar, percorreron o casco urbano de Ribadeo, descubriendo a súa singular arquitectura indiana e as fermosas vistas sobre a ría.



José Sánchez Piso, nomeado coengo da Catedral de Santiago

José Sánchez Piso, administrador parroquial de Lestedo, Sales, Vedra, Trobe e Illobre, tomou posesión como novo coengo capitular da Catedral de Santiago. Foi durante un acto solemne presidido polo arcebispo de Santiago, José Prieto, no que realizaron a profesión de fe e prestaron xuramento ante o Evanxeo.



Boqueixón “arde” en festas

Boqueixón, e Galicia en xeral, é un fervedoiro de festas e celebracións de todo tipo. Nesta ocasión, ás festas parroquiais houbo que engadir as propias do San Xoán, con sardiñadas en Lestedo, O Forte e Ponte Ledesma.

Arrincou o mes de xuño festeiro en Sergude, coas festas na honra a San Antonio e ao Santísimo, onde un ano máis volveron destacar as alfombras florais,

exemplo de tradición e orgullo dunha parroquia xunto á procesión e a música de Son de Gaita. Grupo que tamén actuou en Loureda, nas festas de San Pedro e do Santísimo Sacramento, con procesión e actuacións de The Voice e a Charanga BB+. Unha charanga que tamén actuou en Codeso, nas festas de San Paio e San Antonio, xunto ás pandeireteiras de Codeso e aos Gaiteiros Pena do Corvo.



Rodeiro e Lorenzana analizan as necesidades de solo empresarial

A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, para analizar as necesidades de solo empresarial no municipio. Un concello que foi beneficiario desde o 2016 de máis de 600.000 € en axudas para parques empresariais.



Boqueixón preséntase como exemplo da España rural con futuro

O CFEA de Sergude acolleu o Foro da España Despoboadada, provomido pola Cadena SER, para analizar o presente e futuro do rural no noso país. Un encontro no que Boqueixón se presentou como un exemplo dun municipio rural con futuro e oportunidades, con servizos e unha das taxas de paro máis baixas do país.

Fin de curso nas clases de ioga, novas tecnoloxías, mente activa e deporte

Coa chegada do verán as actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello pechan as súas portas para que tanto alumnado como profesorado poida tomar un respiro e coller forzas de cara o inicio do curso 2026-27. Iso si, cada quen co seu máis que merecido diploma acreditativo.

Este ano, un cento de persoas participaron nas actividades para adultos convocadas polo Concello como as clases de ioga; os obradoiros da Mente Activa ou as clases de novas tecnoloxías. Pola súa banda, no caso das actividades deportivas os participantes tamén celebraron a maiores unha cea de confraternidade.

O Concello de Boqueixón abrirá o próximo mes de setembro o prazo de inscrición no curso 2026-2027, que se desenvolverá de outubro a xuño.



Entrega dos diplomas dos cursos de novas tecnoloxías e dos obradoiros de Mente Activa en Lestedo



Fin de curso nas actividades deportivas no ximnasio



Participantes nas clases de ioga en Camporrapado



Curso de novas tecnoloxías no Forte



Cea de fin de curso das actividades deportivas

O Forte acollerá un contacontos a prol do acollemento familiar

A Asociación Galega de Familias de Acolllida (Acougo) ofrecerá un contacontos o 31 de xullo, ás 12:30 h, nas instalacións do Forte. Trátase dunha iniciativa para reflexionar sobre a corresponsabilidade e o acollemento familiar, que conta coa colaboración do Concello, do Ministerio de Igualdade e da Xunta, a través do Plan Corresponsables.



Máis de 140 nenos nos Campamentos de Verán 2026

Máis de 140 nenos e nenas participaron nos Campamentos de Verán 2026, organizados un ano máis de forma conxunta polos concellos de Boqueixón e Vedra.

A rapazada de entre 12 e 16 anos de idade disfrutou dun Campamento de Mar en Vilagarcía de Arousa; mentres que os máis novos, de entre 9 e 11 anos, gozaron cun minicampamento de aventura no albergue de Alvarella.

Boqueixón, o municipio con menor taxa de paro da comarca: 4,14%

Rodeiro salienta as fortalezas que permiten lograr o pleno emprego

Os últimos bos datos de emprego na comarca de Santiago están encabeza- dos por Boqueixón á cabe- za. Cunha taxa de paro de tan so o 4,14%, o que tecni- camente se considera pleno emprego, o noso municipio non só é o que mellor com- portamento demostra na comarca e en gran parte do territorio nacional, senón que se compara mesmo con países con excelentes datos de emprego como Países Baixos.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, considera que estes bos resultados son froito dunha combinación de moitos factores: “temos un sector gandeiro forte e potente, que emprega xente”, poñendo en valor actuacións como a actual parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo, así como as realiza- das anteriormente. A isto, hai que engadirille as achegas de



O sector agrogandeiro é unha das fortalezas de Boqueixón

sectores como o forestal ou o mineiro, sen esquecer o ámbito industrial, con exemplos como a fábrica de mobles Santos “que xera moitos empregos”.

A todo iso se une que Boqueixón é un municipio ideal para vivir en familia, con todos os servizos dunha cidade e coas vantaxes de vivir nun pequeno pobo a poucos minutos da capital de Galicia, especialmente en materia de

conciliación. Ademais, a carga impositiva á hora de facer unha vivenda é Boqueixón é a máis baixa de toda a comarca, o que permite aforros de ata 6.000 euros por vivendas. E todo nun pobo con fibra óptica, cuns servizos de telefonía e Internet de calidade, coa rede de abastecemento de auga en todo o municipio e a do saneamento avanzando na mesma dirección grazas a unha boa planificación.



A Xunta inviste 1 millón na mellora da AC-960 ao seu paso por Boqueixón

A Xunta está a executar obras de mellora na AC-960 ao seu paso por Boqueixón, cun investimento superior ao millón de euros. As obras xa permitiron renovar o firme en Sergude, O Forte e Camporrappedo, traballándose agora en Ponteledesma e noutros tramos intermedios. Ademais, o Concello continúa co seu plan de sinalización de pistas municipais: 7,5 km de pasos de peóns e outras marcas para mellorar a seguridade viaria.



Gran acollida da xornada de portas abertas de ioga

O centro de interpretación do Pico Sacro quedou pequeno para acoller “O son do silencio”, unha xornada de portas abertas á actividade de ioga impartida por Xus Raíndo. Unha sesión na que as participantes aprenderon a respirar, escoitar, sentir e conectar a través desta práctica deportiva e de saúde.



O tradicional descenso do Ulla abre o programa “Correntes do Ulla”

Novo éxito de participación do descenso do Ulla por parellas, entre Ponteledesma e Agronovo. Con ela arrinca o programa “Correntes do Ulla”, que inclúe a actividade “Ioga na beira do Ulla” o 18 de xullo de 18:00 a 20:00 horas, na área de recreo de Sucira, impartida por Xus Raíndo. Máis info: www.boqueixon.gal.

A Escola Deportiva Vedra-Boqueixón abre inscricións para o 2026-2027

A Escola Deportiva Vedra-Boqueixón de fútbol vén de abrir as inscricións para a temporada 2026-2027, que poderán formalizarse a través da súa web www.vedraboqueixoned.org.

Haberá sete categorías dispoñibles, de acordo co ano de nacemento: bibe-rón (2021 e 2022), pre-benxamín (2019 e 2020), benxamín (2017 e 2018), alevín (2015 e 2016), infantil (2013 e 2014), ca-dete (2011 e 2012) e xu-venil (2008, 2009 e 2010).

Máis información no mail vedraboqueixoned@gmail.com ou chamando ao 622 62 92 05.

Éxito dos encontros dos maiores e a rapazada

As persoas maiores que participan no programa de Prevención da Dependencia veñen de participar nunha serie de encontros coa rapazada do CRA Boqueixón-Vedra en Lestedo e en Sergude. Se o ano pasado o tema central foron as festas e a música, este ano tratouse sobre as Mallas e os Maios.

Así, os maiores contábanlles en que consistía a festa da malla, quen participaba nela e como se separaba o gran da palla; mentres que os pequenos tiñanlles preparada unha presentación do seu proxecto dos Maios, ensinándolles fotos e rematando cunha canción dedicada aos Maios.



Maios de Prevención da Dependencia coa rapazada de Sergude e Lestedo

AXENDA DO MES DE XULLO

Xoves
9

Kote Malabar: Cirkote

Piscina municipal do Forte. 18:30 h.
Colabora: Rede Cultural da Deputación da Coruña.

Sábado
11

Ciclo "Un mes e Pico"

"O Pico Sacro e os catro elementos da natureza". Pico Sacro, ás 10:00 h.
Actividade de mindfulness e arteterapia organizada polo GDR Terras de Compostela e Turismo de Galicia.

Venres
17

Brais das Hortas: Consertasso na horta

Pico Sacro. 19:30 h.
Público familiar.
Colabora: Programa Ler Conta Moito.

Sábado
18

Ciclo "Un mes e Pico"

"Historias e lendas do Pico Sacro a través de gravados e imaxes", Henrique Neira e Pablo Sanmartín.
Capela de San Sebastián, 19:00h.

Sábado
18

Ioga na beira do Ulla

Área de recreo de Sucira. 18:00 h.
Ciclo: *Correntes do Ulla*. Imparte Xus Raíndo. Inscricións: boqueixon.gal

Domingo
19

Ciclo "Un mes e Pico"

"O que fan as montañas sagradas: testemuñas antigas e sentidos presentes desde os Andes", Thibault Saintenoy.
Capela de San Sebastián, 19:00h.

Martes
21

Campamento voluntariado "Monte Sacro"

Do 21 de xullo ao 1 de agosto.
De 18 a 30 anos. DX de Xuventude.

Venres
24

Ciclo "Un mes e Pico"

"Eclipses na historia e nas culturas", César González García.
Capela de San Sebastián, 19:00h.

Venres
24

O poder da respiración

Centro de interpretación do Pico Sacro, de 19:00 a 20:30 h.
Sesión de breathwork. Inscricións: cultura@boqueixon.es / 981 513 115

Luns
27

Charla "A eclipse solar dende Boqueixón"

Centro de interpretación do Pico Sacro, ás 20:30 h. Por Luca Piccotti e José Ángel Docobo. Observatorio Astronómico Ramón María Aller.
Inscricións: cultura@boqueixon.es / 981 513 115

Xoves
30

Noite máxica, noite meiga

Pico Sacro. De 20:00 a 22:00 h.
Recital poético musical con Peter Brea, Ivan Pardo (*Varviak*), Alejandro G Calderón (*Raizausente*) e Ana Valín (*Mirlo Blanco*). Música: M^a Carolina. Pintura en directo: Miguel Tierra

Venres
31

Contacontos

Instalacións do Forte. 12:30 h.
"Os Bolechas no Forte", da man de Acougo (Asociación Galega de Familias de Acolida).

...e en agosto

Domingo
2

Ruta do Goza do Ulla

"Vía da Prata-San Xoán da Cova"
Capela do Santiaguíño. 10:00 h.
Inscricións: www.boqueixon.gal

Sábado
8

Noite Velada

Campo do Río de Ponte Ledesma, 21:30 hs. Grupos folclóricos.

Domingo
9

Batalla de Ponte Ledesma

Ponte Ledesma. 20:00 horas
Anótate en cultura@boqueixon.es para formar parte da representación.

Máis información e inscricións: Centralña: 981 513 061 | CIM: 981 513 106 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.es | boqueixonturismo@gmail.com